





ASOCIACIÓN  
**Raizame**  
Vivo






Colexio Oficial de  
Traballo Social  
de Galicia

**CURSO COTSG**

# **COMUNICACIÓN, REUNIÓN E EFICACES E TRANSFORMACIÓN POSITIVA DOS CONFLITOS**




- 
- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
  - 02.** OBXECTIVOS
  - 03.** CONTIDOS FORMATIVOS
  - 04.** PERSOAS DESTINATARIAS
  - 05.** CALENDARIO
  - 06.** METODOLOXÍA
  - 07.** AVALIACIÓN
  - 08.** DOCENTES



**ÍNDICE**

# RESUMO DO CURSO



**16 horas**



**Do 9, 10 e 11 de outubro de 2026**

**Sesións presenciais:**

- 9 de outubro 16:30 – 20:30
- 10 de outubro 10:30 – 14:30 e 16:30 – 20:30
- 11 de outubro 10:30 – 14:30



**Formación presencial na sede do COTSG,** na Rúa  
Dublín 6, baixo en Santiago de Compostela.

# RESUMO DO CURSO


Os grupos de traballo son unha ferramenta central no exercicio profesional do Traballo Social. Equipos técnicos, reunións interdisciplinares, espazos comunitarios ou coordinacións institucionais forman parte do día a día das profesionais. Porén, moitas destas dinámicas están marcadas por reunións pouco operativas, conflitos non abordados, problemas de comunicación, sobrecarga emocional e dificultades para a toma de decisións colectivas.

Esta formación nace da necesidade de dotar ás profesionais de ferramentas prácticas e aplicables para mellorar o funcionamento dos grupos de traballo, coidar as relacións profesionais e aumentar a eficacia sen incrementar o desgaste persoal.

A proposta combina coñecementos da facilitación de grupos, a comunicación non-violenta, pedagogías para a paz, transformación positiva dos conflitos e a cultura dos coidados, adaptados a contextos institucionais reais, con especial atención aos límites de tempo, recursos e poder existentes.

# OBXECTIVOS


- **Mellorar** a eficacia e o clima relacional dos grupos e equipos de traballo.
- **Previr e reducir** o desgaste profesional asociado a conflitos non xestionados.
- **Dotar** de ferramentas prácticas para a comunicación, a toma de decisións e a xestión de reunións.
- **Integrar** a perspectiva dos coidados e da saúde grupal na práctica profesional cotiá.
- **Identificar** dinámicas disfuncionais frecuentes nos grupos de traballo.
- **Mellorar** as habilidades de comunicación asertiva e escoita activa.
- **Elaborar** un plan práctico de mellora para o propio grupo ou equipo de traballo.







# CONTIDOS FORMATIVOS



## 1. Grupos de traballo e saúde profesional

- Que entendemos por grupo eficaz e grupo saudable.
- Malestar, desgaste profesional e conflitos cronificados.
- A saúde grupal como responsabilidade colectiva e institucional.

## 2. Comunicación profesional e escoita activa

- Modelos comunicativos nos equipos de traballo.
- Comunicación asertiva en contextos profesionais.
- Introducción á Comunicación Non Violenta aplicada a reunións e equipos.
- Xestión de conversas difíciles.

## 3. Conflito: comprensión e transformación positiva

- O conflito como elemento estrutural dos grupos.
- Fases e roles do conflito.
- Estratexias para abordar conflitos sen escalada nin evitación.
- Límites e profesionais e autocoidado.

## 4. Poder, roles y dinámicas invisibles en los grupos

- Rangos de poder formales e informales.
- Liderazgo, responsabilidad y toma de decisiones.
- Desigualdades de género, edad y posición profesional.

## 5. Herramientas prácticas de facilitación de grupos

- Diseño y estructura de reuniones eficientes.
- Herramientas para la participación equilibrada.
- Clarificación de objetivos, tiempos y acuerdos.
- Técnicas sencillas de facilitación adaptadas a contextos institucionales.

## 6. Diseño de un plan práctico de mejora grupal


- Análisis del propio grupo de trabajo.
- Identificación de prioridades y límites reales.
- Diseño de un pequeño plan de acción aplicable.
- Evaluación y seguimiento.



# PERSOAS DESTINATARIAS

Traballadoras e traballadores sociais en exercicio profesional, así como outras profesionais do ámbito social que participen ou coordinen equipos, reunións, grupos de traballo ou procesos comunitarios.

Máximo 20 persoas.






# CALENDARIO

A formación desenvolverase **do 9 ao 11 de outubro de 2026**, en modalidade presencial na sede do COTSG en Santiago de Compostela

## Sesións presenciais:

- 9 de outubro 16:30 – 20:30
- 10 de outubro 10:30 – 14:30 e 16:30 – 20:30
- 11 de outubro 10:30 – 14:30





# METODOLOXÍA




A formación desenvólvese mediante unha metodoloxía **teórico-práctica**, baseada na educación non formal e orientada á transferencia directa á práctica profesional.

Combínanse:

- Exposicións breves de contidos clave.
- Análise de situacións reais achegadas polas persoas participantes.
- Exercicios prácticos de comunicación, facilitación e xestión de conflitos.
- Dinámicas grupais orientadas á aprendizaxe aplicada.

Ao longo do curso, cada persoa traballará sobre un **grupo real do seu contexto** profesional, elaborando propostas concretas de mellora.

# AVALIACIÓN



A avaliación será continua e formativa, baseada en:

- Participación activa nas sesións.
- Desenvolvemento dun plan práctico aplicado ao propio grupo de traballo.
- Avaliación colectiva do proceso formativo.



# M


## MARTA

**Traballadora social con enfoque ecosocial e ecofeminista.**

Formada en facilitación de grupos, educación non formal e deseño de procesos formativos. Conta con ampla experiencia en proxectos sociais, educativos e comunitarios a nivel local e internacional, así como en programas europeos vinculados á sustentabilidade, xustiza social e ODS. Co-fundadora da asociación RaizameVivo, unha entidade que traballa en rede para a rexeneración ecosocial.

## PERNAS





Colexio Oficial de  
Traballo Social  
de Galicia

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago  
de Compostela

981 568 100

[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)

[www.traballosocial.gal](http://www.traballosocial.gal)

[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

